

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO CELEBRADA O DIA 22 DE MARZO DE 2024

PRESIDENTA:

Dona María Sandra Bastos Míguez

VOGAIS:

Dona María Nava Castro Domínguez

Dona Luisa María Sánchez Méndez

Don Rafael Domínguez Artime

Don Jorge Cubela López

Don José Carlos López Campos

Dona María Pilar Ramallo Vázquez

Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

Don Jesús Vázquez Almuiña

Don Carlos Gómez Prado

Dona Ana Laura Iglesias González

Dona Digna Rosa Rivas Gómez

Dona Nuria Rodríguez Rodríguez

Don Gorka Gómez Díaz

Don Javier Iglesias Mougán

Dona María Manuela Rodríguez Pumar

Dona María Ortega Iñarrea

En Pontevedra, sendo as doce horas e quince minutos do día 22 de marzo de 2024, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Sandra Bastos Míguez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

Actúa como Secretaria, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, adxunta xefatura do Servizo de Igualdade.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 16 DE FEBREIRO DE 2024 (Expediente 2024008855)

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 16 de febreiro de 2024.

2. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DA OITAVA EDICIÓN DOS CURSOS DE ESPAÑOL PARA A PREPARACIÓN DO DELE A2 PARA O ANO 2024 (Expediente 2024005052)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da convocatoria da oitava edición dos cursos de español para a preparación do DELE A2 para o ano 2024, cuxo contido literal é o seguinte:



"DATOS DE INTERESE:

- ✚ Bases reguladoras aprobadas por Resolución Presidencial núm. 2024001435 do 21 de febreiro de 2024
- ✚ Publicación das bases e do extracto no BOPPO : do 27 de febreiro de 2024
- ✚ Prazo de presentación solicitudes: Do 1 ao 15 de marzo de 2024
- ✚ Dotación: dezaoto mil (18.000,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/231.2313.480.02.
- ✚ Formalización do Convenio de Colaboración entre a Deputación e a Universidade de Vigo para a edición da oitava convocatoria dos Cursos de español: en tramitación

En base a normativa vixente que regula a adquisición da nacionalidade española é necesario que as persoas solicitantes, entre outros requisitos, superen a proba DELE (Diploma de Español como Lingua Estranxeira), como mínimo nivel A2.

Esta proba require unha preparación previa e ten un custo económico que dificultan o acceso á nacionalidade española para un determinado sector de poboación, dificultando o seu proceso de integración na provincia como cidadanía de pleno dereito e favorecendo procesos de exclusión social.

É por isto que a Deputación de Pontevedra pon en marcha 3 edicións de Cursos de Español para persoas inmigrantes, ata un máximo de 60 participantes, para a preparación do DELE A2 do marco común europeo de referencia para as linguas expedido polo Instituto Cervantes.

O cursos teñen por obxectivo a preparación maioritariamente práctica das probas (orais, escritas e de comprensión) do exame para obter a certificación do nivel A2 de español do Instituto Cervantes (DELE A2) empregando supostos prácticos, simulacros de exame e o desenvolvemento de destrezas e estratexias para rendibilizar os coñecementos e adaptalos ao tempo de duración da proba.

As **persoas destinatarias** desta convocatoria son persoas inmigrantes que reúnan os seguintes requisitos:

- Atoparse en situación regular en España
- Ser maiores de 16 anos
- Estar empadroadas nun concello da provincia de Pontevedra
- Saber ler e escribir
- Ter coñecementos básicos da lingua española (o nivel do curso será o A2 do MCER)
- Non contar cunha dispensa do Ministerio de Xustiza para realizar a proba do DELE A2

Quedan excluídas as persoas que nas derradeiras dúas edicións realizaron o curso de preparación.

Os cursos son integramente subvencionados por la Deputación de Pontevedra, incluído o custe de matrícula do DELE ata un máximo de 18.000 euros, e impartidos por persoal docente do Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo.

Antes do inicio dos cursos, convocarase ás persoas admitidas para a realización dunha proba de nivel a cargo do Centro de Linguas da Universidade de Vigo. Se algunha das persoas integrantes de cada edición non



obtivera o nivel mínimo para a súa realización, o Centro de Linguas comunicarallo ao Servizo de Benestar Social que procederá a cubrir esas prazas vacantes coas persoas que se atopen en lista de agarda.

Ofértanse tres (3) edicións de ata sesenta (60) prazas, cun máximo de vinte (20) alumnas e alumnos por curso, segundo o correspondente a cada edición.

<p>Primeira edición: VIGO</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Datas: do 20 de maio ao 5 de xuño de 2024</i> - <i>Lugar: o que determine a Deputación</i> - <i>Nº horas: 40 horas</i> - <i>Días: de luns a venres</i> - <i>Horario: pendente de determinar, poderá ser pola mañá de 10:00 a 13:00 horas ou pola tarde de 16.00 a 19.00 horas.</i> - <i>Número máximo.de persoas participantes: 20 persoas</i>
<p>Segunda edición: PONTEVEDRA</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Datas: do 20 de maio ao 5 de xuño de 2024</i> - <i>Lugar: o que determine a Deputación</i> - <i>Nº horas: 40 horas</i> - <i>Días: de luns a venres</i> - <i>Horario: pendente de determinar, poderá ser pola mañá de 10:00 a 13:00 horas ou pola tarde de 16.00 a 19.00 horas.</i> - <i>Número máximo.de persoas participantes: 20 persoas</i>
<p>Terceira edición: VILAGARCIA DE AROUSA</p> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Datas: do 10 ao 26 de xuño de 2024</i> - <i>Lugar: o que determine a Deputación</i> - <i>Nº horas: 40 horas</i> - <i>Días: de luns a venres</i> - <i>Horario: pendente de determinar, poderá ser pola mañá de 10:00 a 13:00 horas ou pola tarde de 16.00 a 19.00 horas.</i> - <i>Número máximo.de persoas participantes: 20 persoas</i>

Os tres cursos terán unha sesión dunha hora de duración no mes de setembro antes do exame coa finalidade de lembrar a estrutura da proba e resolver dúbidas de derradeira hora. A data desta sesión determinarase ao terminar o curso.

A docencia suporá un total de 120 horas e 12 horas de titorías, que se desenvolverán de forma presencial.

Ao finalizar as tres edicións, o alumnado dos cursos presentarse ao exame do DELE A2 levado a cabo polo Instituto Cervantes en Vigo, que terá lugar nas seguintes datas segundo a edición na que participen os candidatos:









<i>DATAS DE EXAME DELE A2 DO INSTITUTO CERVANTES</i>	
<i>1ª EDICIÓN</i>	<i>13 de setembro de 2024</i>
<i>2º EDICIÓN</i>	<i>13 de setembro de 2024</i>
<i>3ª EDICIÓN</i>	<i>13 de setembro de 2024</i>

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

3. DAR CONTA DA LISTA PROVISIONAL DE ENTIDADES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DO PROGRAMA PROVINCIA ACTIVA 2024. (Expediente 2024005052)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da lista provisional de entidades admitidas e excluídas do Programa Provincia Activa 2024, cuxo contido literal é o seguinte:

"DATOS DE INTERESE:

-  *Bases reguladoras aprobadas: Xunta de Goberno do 17 de novembro do 2023*
-  *Publicación das bases: BOPPO núm. 14 do 19 de xaneiro de 2024*
-  *Prazo de presentación solicitudes: Do 29 de xaneiro ao 26 de febreiro de 2024*
-  *Dotación: cento corenta e cinco mil novecentos dezaseis euros con vinte céntimos (145.916,20 €), con cargo á aplicación 24/231.2311.227.07*
-  *Xestión, desenvolvemento e execución: adxudicado a Xestión Cultural Aurea SL na Xunta de Goberno de 1 de abril de 2022 (prorrogado ata o 31 de decembro de 2024)*
-  *Prezo por obradoiro: 1.122,43 euros.*

O programa "Provincia Activa" para o ano 2024, (anteriormente Depo en Marcha) ten como finalidade favorecer o envellecemento activo das persoas maiores da provincia de Pontevedra a través da impartición de distintos obradoiros, englobados nas temáticas que figuran no catálogo, coa fin de favorecer a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia para evitar así o illamento e as situacións de soidade.



Este programa ten como obxectivo promover a inclusión social ao facilitar o acceso á formación non regrada ás entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra .

*Ofértanse **130 obradoiros**, cun número máximo de 25 persoas participantes por cada un deles, o que supón a participación de máis de 3.000 persoas.*

Poden beneficiarse do programa as entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra dalgunha das seguintes tipoloxías:

- *Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) como entidades de iniciativa social dentro da área de maiores da provincia de Pontevedra.*
- *Entidades que figuren no Rexistro Xeral de Asociacións, recollidas dentro da provincia de Pontevedra e clasificadas nas seguintes categorías tipo: terceira idade, pensionistas e xubilados.*
- *Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non recollidas nas anteriores.*
- *Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores que desenvolvan actividades de iniciativa social dirixidas a persoas maiores de 50 anos.*

Só se pode conceder un obradoiro por entidade. Cada obradoiro ten un custo de sete (7,00) euros por participante.

Os obradoiros terán unha duración de 30 horas e impartiranse en xornadas de entre unha e tres horas á semana.

As temáticas son as seguintes: Benestar Natural, Saúde en movemento, Emociónate, Outra vida, Con Ritmo! E Redeir@s

1. BENESTAR NATURAL

- *Plantas Medicináis*

2. SAÚDE EN MOVEMENTO

- *Pilates*
- *Ioga*
- *Ximnasia de Mantemento para Persoas Maiores*

3. EMOCIÓNATE

- *Conservando a Memoria*
- *Musicoterapia*
- *Risoterapia*
- *Terapia Emocional: Positividade e Canalización das Emocións*

4. OUTRA VIDA

- *Teatro*
- *Restauración de Mobles e Tapicería*



5. **CON RITMO!**

- Bailes de Salón
- Pandeireta e Canto Popular

6. **REDEIR@S**

- Habilidades Dixitais para Uso Cotián
- Informática. Nivel Avanzado

No Boletín Oficial da Provincia (número 52) do mércores 13 de marzo de 2024 publicouse o anuncio polo que se aproba a relación provisional de entidades admitidas e excluídas para participar no programa e se concede un prazo de dez (10) días hábiles para emendar os erros da solicitude e achegar a documentación requirida que falte. Transcorrido este prazo, publicarase a listaxe definitiva de entidades admitidas e excluídas.

Os listados poderán consultarse na web www.depo.gal

Unha vez rematado o prazo de solicitudes, recibíronse un total de 263 solicitudes das cales:

- 245 presentaron a documentación esixida e están aceptadas
- 8 teñen a documentación incompleta e deben subsanar
- 9 entidades foron excluídas"

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

4. **DAR CONTA DA APROBACIÓN DA LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO PROXECTO HUB DIXITAL PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (Expediente 2023063998)**

Dende o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da Servizo de Igualdade, das persoas admitidas e excluídas nas actividades formativas do proxecto Hub Dixital para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da Provincia de Pontevedra, cuxo contido literal é o seguinte:

" DATOS DE INTERESE:

1º.- Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno do 27 de outubro de 2023, adoptouse o acordo nº 5.33095 relativo á "Aprobación das bases reguladoras para a selección das persoas participantes nas actividades formativas do proxecto "Hub para a loita contra a fenda dixital e a soidade non desexada no medio rural da provincia de Pontevedra (Expte. 2023063998)".



As bases foron publicadas no BOPPO nº 236 do pasado luns 11 de decembro de 2023.

Na base cuarta establécese que o prazo de presentación de solicitudes é dende o 19 de decembro de 2023 ao 31 de xaneiro de 2024.

2º.- Dado que de xeito paralelo estíbese a tramitar o nº 2023047633 para a contratación do servizo de deseño e impartición da formación e capacitación en competencias dixitais para as persoas destinatarias da formación dos concellos de Cuntis, Moraña, A Illa de Arousa, Forcarei e As Neves, polo Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, propúxome a ampliación do prazo de presentación de solicitudes da convocatoria de selección do alumnado "HUB PARA A LOITA CONTRA A FENDA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO MEDIO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA", xa que entre as funcións da empresa adxudicataria do Lote 1 estaba a de difundir a convocatoria mediante anuncios en medios de comunicación, cuñas de radio, cartelería, etc. co fin de garantir a máxima participación en cada un dos 5 concellos participantes.

Ampliación que foi aprobada pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 12 de xaneiro de 2024 (acordo nº 11.33353).

3º. Rematado o prazo de presentación de solicitudes o 15 de febreiro de 2024, o resultado por concellos foi o seguinte:

CONCELLO	Nº SOLICITUDES
A Illa de Arousa	17 (alumnos/as)
As Neves	29 (24 alumnos/as + 5 influencers)
Cuntis	1 (alumno/as)
Forcarei	27 (alumnos/as)
Moraña	17 (alumnos/as)
Ribadumia	1
Vigo	1
Vilanova	1
Nº SOLICITUDES TOTAIS	94
Nº solicitudes admitidas	89
Nº solicitudes rexeitadas	5

Das noventa e catro (94) solicitudes, oitenta e nove (89) foron admitidas e cinco (5) rexeitadas, dúas (2) por non cumprir o requisito de idade esixido (nacer antes de 1973) e tres (3) por non estar empadroados as persoas



solicitantes en concellos non adheridos a este proxecto (Vigo, Ribadumia e Vilanova de Arousa respectivamente)“.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

5. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DA SEGUNDA EDICIÓN DOS PREMIOS #MULLERES QUE OPINAN (Expediente 2024008291)

A Secretaria da Comisión elabora informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da convocatoria da segunda edición dos Premios #Mulleres que Opinan, cuxo contido literal é o seguinte:

“Desde o ano 2018, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas, a Deputación de Pontevedra colabora co Concello de Pontevedra para a organización conxunta do encontro de mulleres columnistas que leva por título As Mulleres que Opinan Son Perigosas.

Ambas as entidades consideran de interese común promover a cooperación e a colaboración para o desenvolvemento de políticas activas destinadas a favorecer a creación e produción artística e intelectual de autoría feminina, como se establece no capítulo II, artigo 26, da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Desde o punto de vista competencial, a igualdade como dereito recóllese nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española, e tamén na Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. Ambas as normas sinalan que os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas.

Na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes a nivel do Estado español; na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero; e na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, recóllese que os poderes públicos, no marco das súas competencias, incorporarán medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia de xénero.

Nesta liña, no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia e, no artigo 118 d), a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

A Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra, atendendo a un dos seus principios reitores —a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes— son conscientes da necesidade de dotar de recursos



que creen as condicións necesarias para reducir as fendas de xénero aínda existentes. Por iso, neste ano convocan a segunda edición dos Premios #Mulleres que Opinan co gallo de apoiar as mulleres que exercen a profesión xornalística e o xénero da opinión.

Estes premios teñen como obxectivo promocionar e promover o exercicio da opinión xornalística por parte das mulleres profesionais do xornalismo, animar e promover a escrita nas mulleres máis novas e fomentar o nacemento dunha nova canteira de mulleres opinadoras.

Ademais, outro dos obxectivos é dispoñer dunha crónica escrita da sétima edición do foro As Mulleres que Opinan Son Perigosas (que terá lugar o 15 e o 16 de marzo de 2024 no Teatro Principal de Pontevedra) por parte de mulleres que asistan como público (presencial ou en liña). Por último, con este premio tamén se busca contribuír a consolidar a marca #Mulleres que Opinan e que sexa referencia en todo o territorio estatal.

Na convocatoria poderá participar calquera muller maior de idade de todo o territorio estatal escribindo un artigo de opinión, en lingua galega ou castelá, cun texto relacionado coa sexta edición do encontro As Mulleres que Opinan son Perigosas, que terá lugar o 15 e o 16 de marzo de 2024 no Teatro Principal de Pontevedra. O prazo de presentación de solicitudes será do 18 de marzo ata o 8 de abril de 2024.

A contía total prevista para estes premios será de 2.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/250.2315.480.05, do vixente orzamento provincial. Haberá dous premios con cadansúa dotación económica de 1.000 euros: un para o mellor artigo de opinión en galego e outro para o mellor artigo de opinión en castelán. As mulleres interesadas poderán presentar un artigo en castelán e outro en galego; con todo, só poderán resultar gañadoras nunha modalidade”.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

6. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DO CONCURSO ESCOLAR 8M 2024 E TI, QUE PENSAS DA IGUALDADE? DIRIXIDO AOS CENTROS DE ENSINO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (Expediente 2024017796)

A Secretaria da Comisión elabora informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da convocatoria do concurso escolar 8M 2024 E Ti, que Pensas da Igualdade? dirixido aos centros de ensino da provincia de Pontevedra, cuxo contido literal é o seguinte:

“Con motivo da celebración do 8M, Día Internacional da Muller, desde a Deputación de Pontevedra convocase o concurso escolar E Ti, que Pensas da Igualdade?; un certame dirixido a todo o alumnado de educación primaria, especial e secundaria (ESO, bacharelato e formación profesional) dos centros de ensino da provincia de Pontevedra, que poderán participar elaborando as súas creatividadeas nas diferentes disciplinas segundo a categoría, tanto a título individual coma grupal.

Esta iniciativa nace coa intención de fomentar a creatividade e o pensamento crítico, así como de analizar a situación das mulleres e dos homes na nosa sociedade. Un espazo que, ademais de promover a reflexión, sirva de altafalante para a nosa mocidade e de canal de visibilización do seu talento creativo desde diferentes



disciplinas, coma a poesía, o debuxo, a música e o audiovisual.

Búscase afondar nos novos retos aos que nos enfrontamos mediante diferentes propostas de participación, nas que a mocidade deberá contar a súa opinión e o seu sentir, e propoñer desde a súa mirada posibles solucións aos novos desafíos presentes no día a día.

O obxectivo do concurso é incentivar na cativada e na mocidade este pensamento crítico e de sensibilizalas sobre a importancia de acadar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e o rexeitamento claro da violencia de xénero, ao tempo que se fomenta a súa creatividade.

A participación será tanto a título grupal coma individual. Nas categorías individuais, cada concursante poderá presentar unha única proposta. Unha persoa responsable do centro educativo, unha mestra ou un mestre ou a Dirección do centro presentará cada unha das obras, que, nas categorías individuais, estarán identificadas co nome da persoa participante, co curso e co nome do centro, mentres que, nas grupais, co nome da titora ou titor e cos datos identificativos do centro. .

As categorías que se convocan son:

• *Primaria*

A: 1.º e 2.º curso

- *Individual: Debuxo/Colaxe*
- *Grupal: Conto*

B: 3.º e 4.º curso

- *Individual: Debuxo/Colaxe*
- *Grupal: Conto*

C: 5.º e 6.º curso

- *Individual: Banda deseñada/Viñeta*
- *Grupal: Vídeo poesía*

• *Educación especial*

- *Individual: Debuxo/Colaxe*
- *Grupal: Conto*

• *Secundaria*

A: ESO

- *Individual: Banda deseñada/Viñeta*
- *Grupal: Canción*

B: Bacharelato e FP básica ou de grao medio

- *Individual: Banda deseñada/Viñeta*
- *Grupal: Podcast*

As pezas deberán ser orixinais e inéditas. Xunto coa obra, a persoa autora deberá achegar unhas liñas que describan que a levou a realizar esa peza e que significa para ela.

Os traballos poderanse presentar ata o 19 de abril.

Os traballos finalistas exporanse virtualmente na páxina Web da Deputación de Pontevedra (www.depo.gal) e recompilaranse nun soporte divulgativo que se distribuirá por todos os centros educativos da provincia de Pontevedra.



Haberá premios para cada unha das categorías; un premio para a persoa gañadora e outro para cada centro educativo gañador nas diferentes modalidades".

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce horas e vinte minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

